

## ANUNCIO

En base ao previsto nos artigos 44, 46 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (BOE núm. 305, do 22.12.1986) e o artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985), faise público que:

Primeiro.-Por Resolución da alcaldía 117/2020, do 10.02.2020, adoptouse o seguinte acordo: "Revocar as dedicacións atribuídas ao concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal e á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente por Resolución da alcaldía 712/2019."

Segundo.- Por Resolución da alcaldía 118/2020, do 11.02.2020, adoptáronse os seguintes acordos:

1. Cesar como membros da Xunta de Goberno Local aos/as concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Painceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.
2. Cesar como Tenentes de alcalde aos/as concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Painceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.
3. Revogar todas as delegacións conferidas pola alcaldía aos concelleiro/as Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, Jose Andrés Serantes Painceiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.
4. Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene as/os seguintes concelleira/os:
  - María del Mar Piñeiro Otero
  - Alejandra Permuy Meizoso
  - Manuel Polo Gundín
  - Ana Basoa Rioboo
  - María Carmen Martínez Rodríguez

Terceiro.- Por Resolución da alcaldía 119/2020, do 12.02.2020, adoptouse o seguinte acordo:

"1º Nomear Tenentes de alcalde, pola orde que de seguido se indica, ós/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1ª Tenente de alcalde: María del Mar Piñeiro Otero
- 2ª Tenente de alcalde: Alejandra Permuy Meizoso
- 3º Tenente de alcalde: Manuel Polo Gundín
- 4ª Tenente de alcalde: Ana Basoa Rioboo
- 5ª Tenente de alcalde: María Carmen Martínez Rodríguez

2º Corresponde ós nomeados substituírme na Alcaldía, pola orde sinala, nos casos legalmente establecidos.

3º Notificar persoalmente á/os nomeada/os esta Resolución, ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta dela ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre."

Cuarto.- Por Resolución da alcaldía 145/2020, do 20.02.2020, adoptáronse os seguintes acordos:

"1º Efectuar a favor dos Sres/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes **delegacións xenéricas** correspondentes ás áreas que se relacionan:

I Delégaselle a Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio á concelleira Mª Mar Piñeiro Otero

II Delégaselle a Área de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación veciñal á concelleira Alejandra Permuy Meizoso.

C.I.F.: P-1503600-G

III Delégaselle a Área de Dinamización Económica á concelleira Ana Basoa Rioboo.

IV Delégaselle a Área de Dinamización Social e Transparencia á concelleira M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodríguez.

2º As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

a) Abarcarán a facultade de coordinar as diferentes subáreas nas que se divide cada área, dirixindo os servizos correspondentes, sen prexuízo das facultades de xestión encomendadas aos delegados especiais, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

b) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

c) A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

d) Corresponderá á Alcaldía resolver las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

3º Conferir as seguintes **delegacións especiais** ó/as seguintes concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

I Conferir a delegación das subáreas de Urbanismo e Vivenda (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio) e Facenda e Patrimonio (Área de Dinamización Económica) ao concelleiro Manuel Polo Gundín.

II Conferir a delegación da subárea de Medio Ambiente (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio) á concelleira Marta Pereiro Calvo.

III Conferir a delegación das subáreas de Obras e Servizos (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio), o servizo de Radio municipal e a implementación de medidas de transparencia na xestión municipal (Subárea de Información cidadá e transparencia da Área de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira M<sup>a</sup> Mar Piñeiro Otero.

IV Conferir a delegación da subárea de Formación e Emprego (Área de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación veciñal) á concelleira Cristina García Moroño.

V Conferir a delegación das subáreas de Persoal, Seguridade e Participación Veciñal (Área de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación veciñal) e os servizos de dinamización da páxina web, adaptación administrativa e impulso das novas tecnoloxías e OMIC ((Subárea de Información cidadá e transparencia da Área de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira Alejandra Permuy Meizoso.

VI Conferir a delegación da subárea de Promoción Económica (Área de Dinamización Económica) á concelleira Ana Basoa Rioboo.

VII Conferir a delegación da subárea de Benestar e Igualdade (Área de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodríguez

VIII Conferir a delegación da subárea de Cultura (Área de Dinamización Social e Transparencia) ao concelleiro Justo Martínez Ardá.

IX Conferir a delegación das subáreas de Xuventude, Deportes e Ensino (Área de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira M<sup>a</sup> Ángeles Coira López.

4º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais.

C.I.F.: P-1503600-G

5º Esta Resolución será efectiva dende o día da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Así mesmo, esta resolución será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

6º Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta dela ao Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.”

Quinto.- O Pleno en sesión extraordinaria do 19.01.2020 adoptou o seguinte acordo:

“Modificar o réxime de dedicacións fixadas mediante acordo plenario do 11.07.2019 que pasarán a ser as que seguen:

-Alcalde-Presidente: dedicación parcial de 25.000 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 60% da xornada laboral.

- Concelleiro/a 1: dedicación parcial de 19.100 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 80% da xornada laboral.

- Concelleiro/a 2: dedicación parcial de 18.100 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 75% da xornada laboral.”

Sexto.- Por Resolución da alcaldía 148/2020, do 20.02.2020, adoptouse o seguinte acordo:

“1.-Determinar os seguintes membros da Corporación que exercerán as súas funcións con dedicación parcial:

-Alcalde-Presidente: Juventino José Trigo Rey

-Concelleiro/a 2: Alejandra Permuy Meizoso

2.-Publicar esta Resolución no BOP e taboleiro de edictos do Concello.”

Fene, 24 de febreiro de 2020

Asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey

C.I.F.: P-1503600-G